



TARXETA 1

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOA CANDIDATA A

Tempo de preparación: **2 minutos**

TEMA: ALIMENTACIÓN
Insectos, a proteína do futuro

Vostede leu o seguinte texto nunha publicación dixital:

En Occidente, a entomofaxia, a arte para comer insectos e arácnidos enteiros, esperta tanta curiosidade como rexeitamento ao ser algo considerado como un exotismo da cultura asiática. Porén, organismos como a FAO estiman que é unha saída sustentable ao reto de cubrir a demanda de alimentos da poboación mundial —uns 9 000 millóns de persoas no mundo cara a 2030— tan nutritivos e saudables como os alimentos da despensa tradicional.

Nesta liña, a Unión Europea xa permite vender insectos para o consumo. Con todo, no noso país, os alimentos con base nos insectos comercialízanse de forma sofisticada, son produtos derivados de fábricas que se venden como galletas, barras enerxéticas e ata chocolates ou pastas.

<https://www.consumer.es/gl/>

Nunha conversa sobre este tema coa outra persoa candidata, decide informala sobre o que leu e darlle a súa opinión ao respecto.

Tempo de intervención: entre 2 e 3 minutos

TAREFA 1: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

...../12.5 puntos

Debe tratar os seguintes puntos:

- **Déalle** a súa opinión á outra persoa candidata sobre a información que acaba de ler.
- **Faga predicións** e especule sobre esta situación no futuro.

Debe argumentar os seus puntos de vista.



TARXETA 1

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOA CANDIDATA B

Tempo de preparación: 2 minutos

TEMA: INFORMACIÓN
A privacidade e o *big data*

Vostede leu o seguinte artigo nunha publicación dixital:

A vixilancia dixital e as súas consecuencias prácticas son unha das principais revolucións causadas polo florecemento da economía dixital. A captación e arquivo de datos particulares que se aproveitan con fins comerciais ou estratéxicos está a ser clave neste comezo do século XXI.

Motores de busca, navegadores, *cookies* instaladas nas páxinas, termos e condicións de páxinas web que rara vez se len, políticas de tratamento de datos que se aceptan de xeito mecánico son só algunhas das ferramentas que serven para trazar o perfil virtual de cada individuo. As empresas son moi conscientes da posición vantaxosa que unha sólida base de datos lles outorga. Posibilidades infinitas de personalizar a publicidade.

<http://www.revistacoolt.es/onde-queda-a-intimidade-na-era-do-big-data/>

Nunha conversa sobre este tema coa outra persoa candidata, decide informala sobre o que leu e darlle a súa opinión ao respecto.

Tempo de intervención: entre 2 e 3 minutos

TAREFA 1: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

...../12.5 puntos

Debe tratar os seguintes puntos:

- **Déalle** a súa opinión á outra persoa candidata sobre a información que acaba de ler.
- **Faga predicións** e especule sobre esta situación no futuro.

Debe argumentar os seus puntos de vista.



TARXETA 1

TAREFA 2: COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOAS CANDIDATAS A/B

Tempo de preparación: **2 minutos**

Tempo de intervención: **4-5 minutos**

TEMA: TRABALLO E ACTIVIDADES PROFESIONAIS
A fenda salarial

Lea os tres textos seguintes sobre este tema.

- Fale coa outra persoa candidata sobre como estes tres textos reflicten diferentes aspectos deste tema.
- Deben decidir conxuntamente cal dos tres textos reflicte mellor este tema.

- A cuestión de fondo é a persistencia de prexuízos e estereotipos que sosteñen a división sexual do traballo e que inciden na desigual repartición de usos do tempo e na maior precariedade laboral. A fenda salarial é un indicador da baixa calidade democrática e da inxustiza social existente
- Os tempos asignados aos coidados e ao emprego parcial causan a penalización retributiva que recae sobre as mulleres; o factor explicativo de que iso ocorra é o déficit de corresponsabilidade familiar dos homes, cómplices do mecanismo de violencia económica que minora os dereitos das mulleres.
- A igualdade salarial abórdase desde diversos eixos de acción institucional: políticas de tempos e coidados, como os permisos por nacemento intransferibles; políticas de cambio cultural na organización e xestión empresarial para a igualdade de xénero; e medidas de transparencia salarial para lograr unha maior equidade nas cuestións retributivas.

Lembren que deben falar dos tres textos.

Non é obrigatorio chegar a un acordo, pero é preciso que argumenten os seus respectivos puntos de vista.



TARXETA 1

TAREFA 2: COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOAS CANDIDATAS A/B

Tempo de preparación: **2 minutos**

Tempo de intervención: **4-5 minutos**

TEMA: TRABALLO E ACTIVIDADES PROFESIONAIS
A fenda salarial

Lea os tres textos seguintes sobre este tema.

- Fale coa outra persoa candidata sobre como estes tres textos reflicten diferentes aspectos deste tema.
- Deben decidir conxuntamente cal dos tres textos reflicte mellor este tema.

- A cuestión de fondo é a persistencia de prexuízos e estereotipos que sosteñen a división sexual do traballo e que inciden na desigual repartición de usos do tempo e na maior precariedade laboral. A fenda salarial é un indicador da baixa calidade democrática e da inxustiza social existente
- Os tempos asignados aos coidados e ao emprego parcial causan a penalización retributiva que recae sobre as mulleres; o factor explicativo de que iso ocorra é o déficit de corresponsabilidade familiar dos homes, cómplices do mecanismo de violencia económica que minora os dereitos das mulleres.
- A igualdade salarial abórdase desde diversos eixos de acción institucional: políticas de tempos e coidados, como os permisos por nacemento intransferibles; políticas de cambio cultural na organización e xestión empresarial para a igualdade de xénero; e medidas de transparencia salarial para lograr unha maior equidade nas cuestións retributivas.

Lembren que deben falar dos tres textos.

Non é obrigatorio chegar a un acordo, pero é preciso que argumenten os seus respectivos puntos de vista.



TARXETA 10

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOA CANDIDATA A

Tempo de preparación: **2 minutos**

TEMA: IDENTIDADE PERSOAL
A adolescencia

Vostede leu o seguinte texto nunha publicación:

Un problema clave na adolescencia é a crise da identidade persoal: tanto a identidade masculina como a feminina pasan por momentos difíciles. Esta situación adoita ir acompañada por factores como a inseguridade persoal, a baixa autoestima, o descoñecemento e non aceptación do propio corpo e, en moitos casos, problemas de anorexia e bulimia, e moitos “medos”.

Mercedes Oliveira Malvar, “A educación afectivo-sexual na adolescencia”

Fonte (adaptación): <https://minerva.usc.es/>

Nunha conversa sobre este tema coas outras persoas candidatas, decide informalas sobre o que leu e darlles a súa opinión ao respecto.

Tempo de intervención : entre 2 e 3 minutos

TAREFA 1: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

...../12.5 puntos

Debe tratar os seguintes puntos:

- **Déalle** a súa opinión á outra persoa candidata sobre a información que acaba de ler.
- **Faga predicións** e especule sobre este tema no futuro.

Debe argumentar os seus puntos de vista.



TARXETA 10

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOA CANDIDATA B

Tempo de preparación: 2 **minutos**

TEMA: FILOSOFÍA E RELIXIÓN
Interferencias relixiosas

Vostede leu o seguinte texto nunha publicación:

Os fundamentalistas relixiosos chegan a afirmar que o home sen Deus é como un animal a pastar e que Deus é o único fundamento dos dereitos humanos. Reclaman o protagonismo das relixións na esfera pública, pretenden impor a moral relixiosa -en España, a cristiá- a toda a cidadanía, non respectan a autonomía das realidades temporais e ocupan os espazos públicos para deslexitimar a democracia. Condenan a teoría científica da evolución e defenden como ciencia o mito da creación e a teoría do deseño intelixente.

J.J. Tamayo (texto adaptado para esta proba)

Fonte (adaptación): <https://elpais.com/>

Nunha conversa sobre este tema coas outras persoas candidatas, decide informalas sobre o que leu e darlles a súa opinión ao respecto.

Tempo de intervención: entre 2 e 3 minutos

TAREFA 1: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

...../12.5 puntos

Debe tratar os seguintes puntos:

- **Déalle** a súa opinión á outra persoa candidata sobre a información que acaba de ler.
- **Faga predicións** e especule sobre este tema no futuro.

Debe argumentar os seus puntos de vista.



TARXETA 10

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOA CANDIDATA C

Tempo de preparación: 2 **minutos**

TEMA: EDUCACIÓN E ACTIVIDADE ACADÉMICA
As altas capacidades

Vostede leu o seguinte texto nunha publicación:

Os nenos e nenas con altas capacidades (AC) son a miúdo mal entendidos. As súas emocións son vistas como excesivas, a súa alta enerxía como hiperactividade, a súa persistencia como impertinencia, a súa imaxinación como dispersión, a súa paixón por disruptividade, as súas fortes emocións e sensibilidade como inmadurez, a súa creatividade e autodirección como oposición. Cómpre poñérmolos no seu lugar para poder comprendermos como senten, pensan e perciben o mundo e desta maneira cubrir as súas necesidades emocionais e sociais así como afectivas.

Fonte (adaptación): Piteas (Programa de Formación e Mentoring para o desenvolvemento do talento)

Nunha conversa sobre este tema coas outras persoas candidatas, decide informalas sobre o que leu e darlles a súa opinión ao respecto.

Tempo de intervención: entre 2 e 3 minutos

TAREFA 1: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

...../12.5 puntos

Debe tratar os seguintes puntos:

- **Déalle** a súa opinión á outra persoa candidata sobre a información que acaba de ler.
- **Faga predicións** e especule sobre este tema no futuro.

Debe argumentar os seus puntos de vista.



TARXETA 10

TAREFA 2: COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOAS CANDIDATAS A/B/C

Tempo de preparación: **2 minutos**

Tempo de intervención: **6-7 minutos**

TEMA: O MEDIO NATURAL
O lobo na natureza

Lea os tres textos seguintes sobre este tema.

- Fale coas outras persoas candidatas sobre como estes tres textos reflicten diferentes aspectos deste tema.
- Deben decidir conxuntamente cal dos tres textos reflicte mellor este tema.

- Entre a xente nova, máis formada, con maior sensibilidade..., pode que mello-rase a percepción do lobo, pero o 90 % da xente, sobre todo a maior, no rural, segue querendo que desapareza ou que o confinen.
- Unha vaga de simpatía urbana envolve o lobo, empoleirado á categoría de novo mito. A pretensión unilateral de reducir o conflito a unha cuestión económica, desprezando a vertente emocional do colectivo humano afectado, é moi irresponsable.
- Cando a unha persoa lle gustan os lobos, é lóxico que queira que non se ma-ten. Se matan un lobo, dóelle. Pero, se a un gandeiro o lobo lle está matando ovellas, pensa que é necesario un control da especie. 'Que é iso de protexer o lobo?', pensará.

Lembren que deben falar dos tres textos.

Non é obrigatorio chegar a un acordo, pero é preciso que argumenten os seus respectivos puntos de vista.



TARXETA 10

TAREFA 2: COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOAS CANDIDATAS A/B/C

Tempo de preparación: **2 minutos**

Tempo de intervención: **6-7 minutos**

TEMA: O MEDIO NATURAL
O lobo na natureza

Lea os tres textos seguintes sobre este tema.

- Fale coas outras persoas candidatas sobre como estes tres textos reflicten diferentes aspectos deste tema.
- Deben decidir conxuntamente cal dos tres textos reflicte mellor este tema.

- Entre a xente nova, máis formada, con maior sensibilidade..., pode que mello-rase a percepción do lobo, pero o 90 % da xente, sobre todo a maior, no rural, segue querendo que desapareza ou que o confinen.
- Unha vaga de simpatía urbana envolve o lobo, empoleirado á categoría de novo mito. A pretensión unilateral de reducir o conflito a unha cuestión económica, desprezando a vertente emocional do colectivo humano afectado, é moi irresponsable.
- Cando a unha persoa lle gustan os lobos, é lóxico que queira que non se ma-ten. Se matan un lobo, dóelle. Pero, se a un gandeiro o lobo lle está matando ovellas, pensa que é necesario un control da especie. 'Que é iso de protexer o lobo?', pensará.

Lembren que deben falar dos tres textos.

Non é obrigatorio chegar a un acordo, pero é preciso que argumenten os seus respectivos puntos de vista.



TARXETA 10

TAREFA 2: COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

PERSOAS CANDIDATAS A/B/C

Tempo de preparación: **2 minutos**

Tempo de intervención: **6-7 minutos**

TEMA: MEDIO NATURAL

O lobo na natureza

Lea os tres textos seguintes sobre este tema.

- Fale coas outras persoas candidatas sobre como estes tres textos reflicten diferentes aspectos deste tema.
- Deben decidir conxuntamente cal dos tres textos reflicte mellor este tema.

- Entre a xente nova, máis formada, con maior sensibilidade..., pode que mello-rase a percepción do lobo, pero o 90 % da xente, sobre todo a maior, no rural, segue querendo que desapareza ou que o confinen.
- Unha vaga de simpatía urbana envolve o lobo, empoleirado á categoría de novo mito. A pretensión unilateral de reducir o conflito a unha cuestión económica, desprezando a vertente emocional do colectivo humano afectado, é moi irresponsable.
- Cando a unha persoa lle gustan os lobos, é lóxico que queira que non se maten. Se matan un lobo, dóelle. Pero, se a un gandeiro o lobo lle está matando ovellas, pensa que é necesario un control da especie. 'Que é iso de protexer o lobo?', pensará.

Lembren que deben falar dos tres textos.

Non é obrigatorio chegar a un acordo, pero é preciso que argumenten os seus respectivos puntos de vista.